

## Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 6 de xullo de 2023

### Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 06/07/2023
- II. Asistentes á CGIC do 06/07/2023
- III. Guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2023-2024
- IV. Rexistro *R1-DO0202 P1 Promoción das titulacións - Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2023-2024*
- V. Rexistros do procedemento DO0205 Xestión da mobilidade (2022-2023): *R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado e R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.*

Ábrese a sesión ás 12 horas e 30 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### 1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 1 de xuño de 2023.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC. Apróbase por asentimento e será publicada na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

### 2. **Informe do Coordinador**

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

#### ➤ **Comunicacións da Área de Calidade**

##### ✓ **ES enquisas satisfacción 22/23:**

- 28 xuño. Achégase recordatorio por Moovi a profesorado e alumnado.
- 6 xullo. Datos actualizados de participación.
- Fin de prazo: adiouse do 30 xuño ao 15 de xullo a petición dun centro.

Titulación	Alumnado			Profesorado			Persoas egresadas		
	Respostas	Poboación	%	Respostas	Poboación	%	Respostas	Poboación	%
<b>GEE</b>	5	41	12%	22	49	45%	9	21	43%
<b>GERME</b>	1	14	7%	10	20	50%	4	7	57%
<b>MUEM</b>	2	4	50%	19	32	59%	3	6	50%

✓ **EAD curso 22/23 – segundo cuadrimestre:**

- 6 xullo. A Área de Calidade informa da participación final.

Cód_titulación	Titulación	Participación a 12/05/2023			Participación final		
		Realizadas	Posibles	Porcentaxe	Realizadas	Posibles	Porcentaxe
V09G290V01	GEE	5	42	11.90%	12	42	28.57%
V09G291V01	GEE	23	592	3.89%	73	592	12.33%
V09G310V01	GERME	4	9	44.44%	5	9	55.56%
V09G311V01	GERME	8	182	4.40%	20	182	10.99%
V09M148V01	MUEM	6	56	10.71%	22	56	39.29%

➤ **Rexistros preparados na plataforma do SGIC - Curso 2022-2023**

- ✓ **R2-PE02 P1 - Informe para responsables académicos** (alerta 31/03/2023)
  - Publicado o informe final do Programa **DOCENTIA, III convocatoria (14/15 – 18/19)**.
- ✓ **R1-DO0201 P1 PDA curso 2022-2023** (alerta 31/07/2023)
- ✓ **R2-DO0201 P1 POD curso 2022-2023** (alerta 31/07/2023)
- ✓ **R1-DO0204 P1. Criterios de asignación de prácticas curriculares** (alerta 31/07/2023). Mantéñense vixentes os criterios de asignación de prácticas externas curriculares no Máster Universitario en Enxeñaría de Minas rexistrados na plataforma no curso 2018/19 (documento asinado pola Coordinadora do Máster e polo Coordinador de Prácticas Externas e presentado á Comisión de Calidade do centro na súa sesión do 19/11/2019).

➤ **Rexistros pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2022-2023**

- ✓ **R1-DE01 P1 - Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro** (30/09/2023)
- ✓ **R1-DE02 P1 – Panel de indicadores** (alerta 31/05/2023)
- ✓ **R4-DO0201 P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia** (alerta 31/07/2023)

**3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2023-2024.**

A Presidenta indica o proceso seguido:

- Asistencia das persoas coordinadoras das titulacións e do Coordinador de Calidade á sesión informativa sobre elaboración de guías docentes convocada pola Área de Calidade (2 de xuño).
- Revisión do Regulamento polo equipo directivo e consulta á Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade da interpretación dunha serie de cuestións non claras.

- Reunión de coordinación entre os responsables de elaboración das guías das titulacións do centro (12 de xuño)
- Sesión informativa sobre a elaboración das guías docentes de 4º curso, convocada polos coordinadores dos graos, e reunión de coordinación de contidos co profesorado dos departamentos de Enxeñaría Eléctrica e Tecnoloxía Electrónica (14 de xuño).
- Sesión informativa para o profesorado coordinador das materias do curso 2023-2024 sobre a entrada en vigor do “Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado” (14 de xuño).
- Posteriormente, dende a dirección, deuse traslado á Vicerreitoría de Estudiantado e Empregabilidade das dúbidas xurdidas na reunión cos coordinadores de materia. As respostas recibidas e o documento utilizado na presentación foron achegados ao profesorado coordinador.

A partires dese punto empezaron a traballar as persoas coordinadoras das titulacións coas seguintes pautas:

- Unificación da terminoloxía (primeira oportunidade e segunda oportunidade de avaliación continua, avaliación global, etc.).
- Peso máximo de cada proba de avaliación continua: non pode ser superior ao 40% na primeira vez que se realiza.
- Cualificación asignada no caso de que non se acade o mínimo requirido nalgunha das probas.
- Realización das probas de avaliación continua: teñen que realizarse en horario lectivo e nas datas de exames oficiais de primeira e segunda oportunidade.
- Indicación clara de se as prácticas son obrigatorias; nese caso, para as prácticas experimentais ou TIC, non se poden propor probas alternativas na avaliación continua.
- Prazo de renuncia a avaliación continua: queda a criterio de cada materia, pero ten que ser como mínimo dun mes dende o comezo de impartición da mesma; habilitarase un formulario para que poida ser empregado polo profesorado.
- Emprego de linguaxe inclusiva.

Finalmente sinala que a forma de traballo consistiu na introdución dos datos polas persoas coordinadoras de titulación, sen abrir as guías salvo nos casos nos que se considerou necesario.

Cede a palabra a Francisco Deive, Coordinador do GEE, quen comenta o traballo realizado conxuntamente con Iria Feijoo, Coordinadora do GERME, para a elaboración das guías docentes das dúas titulacións de grao. Sinala algunhas das dificultades atopadas como as materias que aínda non tiñan profesor asignado, o que se solucionou contactando coa dirección dos departamentos, a revisión das materias *English friendly* e das guías en inglés, e as materias de nova implantación (4º curso).

A continuación cede a palabra a Guillermo García, coordinador do 1º curso do MUEM e encargado da supervisión do proceso de elaboración e revisión das guías docentes, quen

explica o proceso seguido, sinala as dificultades xurdidas na adaptación dos sistemas de avaliación e indica que xa contan co visto bo da Comisión Académica do Máster.

En relación ao Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga (MIXSA) sinala que as guías docentes achegadas son as correspondentes ás materias que se imparten na Universidade de Vigo xa que para as materias impartidas nas outras universidades os prazos son diferentes. Máis adiante habilitaranse ligazóns ás guías desas materias dende a web do mestrado.

A comisión aproba por asentimento as guías docentes das 4 titulacións (Anexo III). Agradece a Francisco Deive, Iria Feijoo, Guillermo García e María Araújo o traballo realizado.

**4. Aprobación, se procede, do Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2023-2024, que forma parte do rexistro R1-DO0202 P1 Promoción das titulacións.**

A Presidenta explica que este rexistro está formado por dous documentos: o Plan de promoción para o curso 2023-2024 (Anexo IV), que foi enviado con antelación aos membros da comisión, e o Informe das accións desenvolvidas durante o curso 2022-2026, que se elaborará no mes de setembro.

Fai unha breve exposición do documento indicando que recolle as actividades que se propoñen para o próximo curso (as habituais e algunha nova). Sinala que foi elaborado por Raquel Pérez Orozco, Subdirectora de Divulgación Científica e Captación e presidenta da Comisión de Divulgación do Centro.

A Comisión aproba por asentimento o plan de promoción. Agradece a Raquel Pérez Orozco o traballo realizado.

**5. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2022-2023:**

- **R1-DO0205 P1 Listaxe de estudiantado propio seleccionado**
- **R2-DO0205 P1 Listaxe de estudiantado de mobilidade alleo.**

A Presidenta indica que os rexistros do procedemento **DO0205 P1 Xestión da mobilidade** (Anexo V) foron elaborados polo Subdirector de Relacións Internacionais, Francisco Deive, e os comenta brevemente:

**R1-DO0205 P1 Listaxe de estudiantado propio seleccionado.** Este rexistro resume a mobilidade do alumnado do centro, incluíndo os programas Erasmus+ KA103, SICUE e ISEP. Apréciase un lixeiro aumento.

	Curso 2022-23			Curso 2021-22		
	GEE	GERME	MUEM	GEE	GERME	MUEM
Erasmus+ KA103	3		1	3		1
SICUE	2*			1		
ISEP	1					
<b>Total alumnado</b>	<b>6*</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>1</b>

\* Un dos solicitantes de SICUE finalmente renunciou.



**R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.** Facendo unha comparativa co curso anterior obsérvase que o número de participantes subiu lixeiramente (de 7 a 9).

O Coordinador de Calidade aclara que estes rexistros non figuran na Axenda Básica de calidade pero propón a súa aprobación para completar a información da mobilidade no centro e a súa publicación na plataforma do SGIC no rexistro Documentación Complementaria.

A Comisión aproba por asentimento os rexistros do procedemento DO0205.

## 6. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 5 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a seis de xullo de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 06/07/2023

**Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade**

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 6 de xullo de 2023, ás 12:00 horas en primeira convocatoria e ás 12:30 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (\*), e trataranse os seguintes puntos da

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 1 de xuño de 2023.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2023-2024.
4. Aprobación, se procede, do *Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2023-2024*, que forma parte do rexistro *R1-DO0202 P1 Promoción das titulacións*.
5. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2022-2023:
  - *R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado*
  - *R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.*
6. Rogos e Preguntas.

Vigo, 29 de xuño de 2023

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(\* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario ([eme.secretaria@uvigo.es](mailto:eme.secretaria@uvigo.es)) que lle indicará o método de acreditación complementario.

**A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA**





## ANEXO II

Asistentes á CGIC do 06/07/2023





<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 6 de xullo de 2023</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Diego López González	Representante da Sociedade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM



## **ANEXO III**

Guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2023-2024



## ANEXO IV

*Rexistro R1-DO0202 P1 Promoción das titulacións - Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2023-2024*



## ANEXO V

Rexistros do procedemento DO0205 Xestión da mobilidade (2022-2023):

- *R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado*
- *R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo*